



Procedemento de Reubicación (base novena do Acordo de Mobilidade interna voluntaria no ámbito do CHUAC)

Convocatoria de acto de elección de prazas

A Resolución do 18 de outubro de 2021 da Xerencia da Área sanitaria da Coruña e Cee iniciou proceso de reubicación contido na base novena do vixente Acordo de mobilidade interna voluntaria do CHUAC. Unha vez identificados os profesionais que saen desprazados das Unidades por mor da incorporación dos titulares das prazas adxudicadas no proceso de mobilidade e rematado o prazo de inscrición de reubicación para aqueles profesionais aos que a Resolución permitía acceder a este proceso (propietarios das categorías que tomaron posesión da praza como consecuencia das Resolucións da Dirección Xeral de RR.HH do Servizo Galego de Saúde do 21 de maio de 2021 e interinos ou substitutos de longa duración que leven desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos), procédese a convocar aos aspirantes ao acto de elección de praza que terá lugar o **día 10 de novembro** no Salón de Actos do 4º andar do HUAC segundo o seguinte calendario:

CATEGORÍA	HORA
DUE	16:30
TCAE	17:00
AUXILIAR FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	17:30

Cando exista imposibilidade de acudir ao acto de elección, poderase subscribir un apoderamento, no que asinará a persoa que elixe praza e a persoa apoderada, achegando fotocopia do DNI de ambas. Dito apoderamento solicitarase no Espazo do Profesional da Dirección de RR.HH.

No acto de elección é precisa a identificación mediante DNI. Os/as profesionais asinarán, no propio acto, o documento acreditativo da súa elección.

A Coruña 5 de novembro de 2021

O Director de RR.HH.

Asdo.- Javier Fernandez Nistal

